



**PROGRAMA ELECTORAL DA
CANDIDATURA CRE EN PLURAL**

CRE EN PLURAL

Somos unha **plataforma apartidista** que cre que a **igualdade de dereitos, o feminismo, a plurinacionalidade, a multiculturalidade, o plurilingüismo, o antifascismo, o antirracismo e a xustiza social son valores irrenunciabes**. O noso nexo de unión é dispor de pasaporte español, residir en Gran Bretaña, no territorio británico baixo a responsabilidade do Consulado do Estado español en Londres, e compartir vontade por presentar unha candidatura ao Consello de Residentes no Exterior (CRE) coa intención de converternos na **ferramenta de referencia entre a comunidade de persoas residentes neste territorio**.

Os nosos principais obxectivos son **mellorar a relación coa administración consular para facela máis fluída, democrática, áxil e transparente, así como asesorar e apoiar a persoas xa residentes en GB, novas migrantes, ou aquelas que decidan retornar ao Estado español, para facilitarlles os trámites necesarios**, tendo moi en conta o contexto post-Brexit no que vivimos.

Neste sentido, **centraremos parte do noso traballo en apoiar e impulsar o asociacionismo multicultural e plurilingüe** da comunidade residente con pasaporte español, independentemente de se o seu lugar de nacemento é Latinoamérica, África, ou calquera dos territorios e nacións con linguas e culturas propias do Estado español.

O noso programa resúmese en 5 puntos que consideramos básicos e que son o resultado da nosa experiencia, despois de anos vivindo nesta demarcación consular: **transparencia e axilidade nas relacións entre a comunidade emigrada e a administración; transparencia no traballo do CRE; apoio á cidadanía diante as consecuencias do Brexit; atención á cidadanía migrante en Gran Bretaña; e promoción de accións culturais desde un punto de vista aberto, pluricultural e plurilingüe**.

1. Transparencia e axilidade nas relacións entre a comunidade emigrada e a administración.

- Traballaremos para **mellorar e axilizar trámites ante a administración consular e o resto de administracións do Estado**, reclamárolle ao consulado transparencia ante a cidadanía en todos os temas que lle afecten.
- **Abriremos a Caixa de correo do CRE** para recibir, tramitar e responder, nun prazo de 5 días, todas as consultas recibidas e trasladarllas ao consulado.
- Reclamárolle ao consulado **transparencia e axilidade na información á cidadanía nos procesos electorais**, que garanta a súa participación en

igualdade de condicións coas persoas residentes dentro do Estado español, sexa cal sexa o proceso electoral convocado. Ademais, informaremos dos procesos e do procedemento a seguir para que a cidadanía residente na nosa demarcación consular poida participar de pleno dereito neles.

- Recolleremos e trasladaremos as propostas da cidadanía para mellorar a atención consular na nosa demarcación.

2. Transparencia no traballo do CRE

- **Actualizaremos a nosa páxina web periodicamente para render contas do traballo realizado polo Consello**, noticias consulares de interese, información sobre dereitos e deberes da diáspora residente na nosa demarcación consular e comunicar modificacións lexislativas de interese tanto no territorio británico como no Estado español.
- Desenvolveremos actividade constante nos nosos **perfís en redes sociais** para manter informadas ás nosas comunidades e fomentar a participación.
- Crearemos unha **newsletter mensual do CRE** que se publicará na páxina web e nas redes sociais, e que tamén se distribuirá entre os nosos contactos por correo electrónico.
- Organizaremos **encontros presenciais ou telemáticos coas comunidades** para recoller propostas e informar do traballo feito, cando menos, dúas veces ao ano.

3. Apoio á cidadanía diante das consecuencias do Brexit.

- **Analizaremos e transmitirémolle o impacto do Brexit á cidadanía**, e tamén informaremos periodicamente da introdución de novos cambios ou restricións.
- Exerceremos de ponte de comunicación entre o consulado e a cidadanía en canto a **apoiar e asesorar a persoas que poidan ver afectados os seus dereitos laborais, educativos, de residencia ou de retorno**.
 - Informaremos á cidadanía sobre os cambios relacionados co **EU Settlement Scheme**.
 - Informaremos e asesoraremos á cidadanía en relación á solicitude da *UK Global Health Insurance Card (GHIC) / New UK European Health Insurance Card (New UK EHIC)* para ter cobertura sanitaria nas súas visitas a países da Unión Europea.
 - Resolveremos dúbidas sobre o Brexit ou redirixiremos consultas relacionadas a través da Caixa do correo do CRE.

4. Atención á cidadanía migrante en Gran Bretaña

- Actuaremos como ponte de información en materia de escolarización, axudas sociais a persoas que o necesiten, etc.
- Igualmente, informaremos sobre trámites de retorno ao Estado español, pensións, paro, fiscalidade, equiparación de títulos, escolarización, etc.

4.1. Loitar polos dereitos laborais da cidadanía na nosa demarcación consular

- Asistiremos á cidadanía coa solicitude do National Insurance Number.
 - Apoiar ás persoas autónomas en Gran Bretaña.

4.2 Informar á cidadanía sobre como ter acceso a atención sanitaria na súa chegada ao país e en España

- **Crearemos canles de información e actuaremos como vínculo asesor a persoas migrantes para a tramitación de rexistros na asistencia sanitaria.**
- Explicaremos, a través da nosa páxina web, os pasos necesarios para obter cobertura sanitaria a través do NHS.
- Informaremos sobre a asistencia sanitaria pública no Estado español para as persoas residentes en Gran Bretaña.

4.3 Apoiar á cidadanía que queira aprender e mellorar o seu nivel de inglés

- Promocionaremos oportunidades de aprendizaxe organizadas en organizacións comunitarias.
- Promoveremos servizos de apoio á cidadanía que desexe aprender inglés e non teña as súas propias redes para acceder a cursos ou organizacións, por exemplo, debido á barreira lingüística.

5. Promoción de accións culturais desde un punto de vista aberto, pluricultural e plurilingüe

- Proporemos accións concretas nos servizos consulares e actos culturais para mostrar a diversidade cultural e lingüística de todas as linguas do Estado español.
 - Apoiaremos e divulgaremos a creación e colaboración con asociacións e organizacións no exterior, para darlles visibilidade e promover o seu traballo, como forma de manter os vínculos culturais das comunidades da diáspora.